



CORONAVIRUS

NOTA INFORMATIVA SOBRE RECOMENDACIÓNS DA CONSELLERÍA DE SANIDADE PARA AS EMPRESAS DO SECTOR DE CONTROL DE LEGIONELLA E OS TITULARES DE ESTABLECEMENTOS DURANTE A SITUACIÓN DE ALERTA POLO COVID-19

Ante a situación de alerta sanitaria decreta polo Goberno de España, o Ministerio de Sanidade, publicou unha nota informativa na que comunica que as tarefas das empresas e servizos a terceiros de prevención e control de Legionella limitaranse ás esenciais para que toda instalación que siga en funcionamento, durante este período, cumpra a normativa.

Considéranse tarefas esenciais a reparación de avarías o a realización do mantemento de instalacións. Non se consideraran tarefas esenciais, as de carácter accesorio, voluntario o cuxa falta de realización ou aprazamento non poña en risco o acceso a bens básicos, a vida das persoas ou que provoquen danos de imposible ou difícil reparación, como a apertura de novas instalacións ou a revisión voluntaria de equipos e instalacións cando dita revisión poida aprazarse no tempo sen risco para as persoas, os bens ou a produción.

Ante estas directrices, compre matizar e facer unhas recomendacións sobre as actuacións neste tipo de establecementos, se ben son moitos os establecementos de uso público que teñen que estar pechados e sen actividade (centros escolares, deportivos, balnearios, hoteis, fábricas, etc).

Pola contra, outros establecementos no só están abertos senón que teñen que ter un especial coidado das súas instalacións, ante unha demanda máis elevada e posto que atenden a persoas especialmente vulnerables as infeccións, polo que teñen que evitar que un mal mantemento das instalacións poda convertelas nun foco de infección de lexionelose, sumando agravantes á pandemia do coronavirus. Entre estes establecementos, atópanse os servizos socio sanitarios, hospitais, residencias de maiores e similares.

Tamén hai que prever que algúns dos establecementos pechados poden ser usados para o realoxo de pacientes ante a presión asistencial.

Por todo isto, emítense estas recomendacións con relación aos programas de mantemento hixiénico-sanitario no control e a prevención da lexionelose.



CORONAVIRUS

É necesario lembrar que todas estas actuacións deberán facerse cumprindo as medidas de hixiene persoal e colectiva e de distanciamento social recomendado polas autoridades sanitarias, así como de organización do traballo e de prevención de riscos laborais determinadas polos servizos de prevención das empresas do sector de tratamento das instalacións que poden supor un foco de propagación da legionella.

Fanse recomendacións para establecementos que manteñen as súas instalacións pechadas durante o período de alerta sanitaria, xa sexa cos circuitos ou acumuladores baleiros ou en funcionamento; para os establecementos que se manteñen abertos durante a alerta e por último para establecementos de especial risco como poden ser os hoteis medicalizados, instalacións adaptadas para acoller a pacientes ou residencias de maiores.

1. Establecementos con instalacións de AQS pechados durante a alerta sanitaria

1.1. Instalacións nas que se poden baleirar os circuitos e os acumuladores:

- Deberase asegurar que o baleirado sexa completo
- Antes da reapertura deberase realizar unha limpeza e desinfección conforme ao procedemento de hipercloración establecido no Anexo 3 B do Real Decreto 865/2003, do 4 de xullo. No caso de redes AQS, ou instalacións nas que non se poda realizar una hipercloración, realizarase unha desinfección térmica.
- Pasados 15 días da súa realización, recolleranse mostras para a determinación de Legionella de puntos representativos da instalación de AQS, incluídos os retornos.
- Unha vez abertas as instalacións ao público volveranse ás operacións de mantemento hixiénico-sanitarias establecidas na lexislación vixente de prevención da lexionelose.

1.2. Instalacións con circuitos en funcionamento:

O mantemento basearase en:

- Manter as temperaturas de 50°C nos puntos terminais e de 60°C nos acumuladores.
- Realización de purgas semanais en puntos terminais, válvulas de drenaxe, acumuladores e retorno, co fin de evitar o acumulo de sedimentos e limpar o sistema.



CORONAVIRUS

- Realizar analíticas de control.
- De non poder asegurar o cumprimento destes requisitos durante o período de peche do establecemento, antes de proceder a reapertura deberase realizar unha limpeza e desinfección conforme ao procedemento establecido no Anexo 3 B do Real Decreto 865/2003, do 4 de xullo. No caso de redes de AQS sen retorno realizarase unha desinfección térmica.
- Todas estas actuacións deben quedar rexistradas.

Os efectos de programar as actuacións de posta a punto para a reapertura da instalación, os titulares se coordinarán co seus provedores de mantemento para poder levar a cabo todas as operacións coas debidas garantías e nas datas fixadas.

2. Establecementos con instalacións de AQS abertos durante a alerta sanitaria

Deben extremar as precaucións para manter as instalación dentro dos criterios establecidos no seu plan de prevención e control da lexielose (PPCL), neste caso o mantemento basearase en:

- Asegurar o cumprimento do rango de temperaturas do RD 865/2003.
- Aumentar as purgas de puntos terminais, válvulas de drenaxe, retorno e acumuladores.
- Realizar as analíticas programadas e aquelas adicionais que podan ser necesarias en caso realizar modificacións na instalación.
- Mantemento das instalacións segundo o programado.
- Realizar as actuacións previstas no seu PPCL en caso de incumprimentos.

3. Establecementos con Torres de refrixeración e Condensadores evaporativos

Non se consideran medidas de control adicional para estes establecementos que as recollidas no seu PPCL.

Para as torres que estiveran en funcionamento, e tiveran que parar en aplicación do estado de alarma, antes de reiniciar a actividade realizarase a limpeza e desinfección prevista no Anexo 4 do Real Decreto 865/2003, de 4 de xullo, sobre prevención e control da lexielose.



CORONAVIRUS

4. Establecimientos de especial risco

Os establecementos que aloxan a casos ou sospeitosos de coronavirus como poden ser os hoteis medicalizados, instalacións adaptadas para acoller a pacientes ou residencias de maiores, deben ser considerados de especial risco dentro do programa de vixilancia da lexiionelose xa que a poboación exposta é especialmente sensible as infeccións causadas pola lexiionella.

4.1. Valoración da autoridade sanitaria

No proceso de adaptación dos establecementos de carácter temporal a autoridade sanitaria colaborará coa emisión dun informe sobre a idoneidade das instalacións de risco de lexiionella así como do PPCL.

Co obxecto de minimizar os riscos para o persoal da inspección sanitaria, o acceso as instalacións para a realización do informe realizarase, con carácter preferente e no caso de ser posible, previamente ao inicio da actividade.

No caso de residencias de maiores e similares xa existentes e en funcionamento, farase un seguimento documental por parte da autoridade sanitaria en función da avaliación do risco da instalación do programa de vixilancia sanitaria de lexiionella.

4.2. Acceso ás instalacións

O acceso a estas instalacións por parte de persoal de empresas externas para a realización de actividades de prevención e control da lexiionelose, de control de pragas ou calquera outra relacionada con estes ámbitos, axustarase ó establecido na nota informativa do Ministerio de Sanidade. En caso de dúbida, poderá ser valorada individualmente polos servizos de inspección de Saúde Pública, tendo en conta a situación epidemiolóxica do centro, o histórico da valoración de risco, no seu caso, así como a posibilidade de pospoñer estas operacións dende o punto de vista técnico.

O persoal recibirá información adecuada dos riscos e da utilización do equipo de protección individual para o acceso ás mesmas, seguindo as indicacións do servizo de prevención de riscos laborais correspondente. Ver [Procedimiento de actuación para los servicios de prevención de riesgos laborales frente a la exposición al SARS-CoV-2.](#)

Por outra banda, o persoal de mantemento deberá aplicar as recomendacións de distanciamento e se necesariamente teñen que acceder ás áreas con presenza de persoas de risco extremarán as medidas de prevención da transmisión do virus recollidas nos procedementos.



CORONAVIRUS

4.3. Medidas de xestión adicionais

No caso de que non estean dispoñibles outras opcións, poderá establecerse como medida adicional de xestión para estes establecementos sensibles a posibilidade de elevar a temperatura da AQS aos 70°C durante a noite unha vez por semana, principalmente no caso de ter que pospoñer a limpeza y desinfección.

Así mesmo, e como alternativa, poderá optarse durante este período no que non e posible realizar a limpeza e desinfección programada, por elevar a temperatura de consigna da auga quente de xeito que os puntos terminais se sitúen sobre 60°C e, de ser posible, que o nivel de CRL na auga fría estea por enriba de 1 ppm.

As recomendacións incluídas nesta nota informativa están en continua revisión en función da evolución e nova información que se dispoña da infección polo novo coronavirus (SARS- COV-2)

Santiago de Compostela, 24 de abril do 2020